

MEMORIA
2018

Camiñamos xuntos...



...¿seguimos?



Caritas
Diocesana de
Mondoñedo - Ferrol

Carta do Bispo da diocese de Mondoñedo-Ferrol



Lemos a memoria 2018 de Cáritas Diocesana de Mondoñedo-Ferrol descubriendo que damos un paso máis, firme e decidido, no *compromiso evanxélico que mellora o mundo*. Esta realidade é posible —e serao cada vez máis— na medida en que deixemos que cheguen ás nosas vidas as persoas máis pobres e vulnerables.

Lemos en Cáritas que hai porta para esta vida aberta compartida, que é reflexo das entrañas de misericordia do Pai e auténtica revolución que desbanca a indiferenza, o egoísmo, os prexuízos... para instaurar a fraternidade que Xesús nos amosa coas súas palabras e o seu xeito de actuar cos demais.

Lemos gratitude con nomes propios nesta memoria. Co equipo directivo que forman con tanta entrega e eficacia Alfonso, Toyi, Paula, Chema e Coínta, a quen hai que agradecer a súa dispoñibilidade desinteresada para incorporarse este ano como secretaria. Igualmente facémolo con Carlos que deixou o equipo despois dunha xenerosa dedicación. Tamén hai gratitude con nomes propios de cada lugar e que son os dos voluntarios e sacerdotes que sosteñen a acollida de Cáritas en todos os recunchos da diocese coas súas 58 Cáritas Parroquiais. No capítulo de agradecemento están tamén os nomes de traballadores, voluntarios e usuarios que escriben a historia de Cáritas diocesana.

Lemos unha misión de forte compromiso que mellora o mundo en Mondoñedo-Ferrol a través de todas as accións que se desenvolven con aire familiar. Como o que ten a participación de Cáritas nos encontros diocesanos. Como o que se respira no Centro de día de inclusión social “Gabriel Vázquez Seijas”, onde se palpa como nos pode mellorar a proximidade coa vida doutras persoas, aí sabemos compartir vulnerabilidade.

Lemos, en definitiva, nesta memoria que Cáritas é sinónimo dun *compromiso evanxélico que mellora o mundo* dende esta comunidade de discípulos misioneiros de Xesucristo que é a Igrexa de Mondoñedo-Ferrol.

✠ Luis Ángel de las Heras Berzal, C.M.F.
Bispo de Mondoñedo-Ferrol

Persoas

Trátase de “ser persoas en sociedade” nos tres ámbitos de desenvolvemento humano integral: a satisfacción das necesidades, o sentido vital e a participación ou papel de suxeito protagonista da propia vida e da propia historia.

Modelo de Acción Social Cáritas.



Investimos máis de
582.000 €*

en atención directa e
acompañamento ás
persoas máis
empobrecidas

35% Necesidades básicas

23 % Formación laboral

22% Vivenda

8% Farmacia/Saúde

6% Educación

6% Equipamento,
transporte e outros

Construímos
oportunidades para

4.755

persoas
en situación de maior
exclusión social

314

persoas voluntarias
fixeron posible o noso
labor a través de

58 Cáritas

Parroquiais e

13 persoas

contratadas nos
diferentes programas e
servizos.

(*) 240.340,21 € deste importe non figura na contabilidade de Cáritas diocesana xa que pertencen ás Cáritas parroquiais.

Acollida e Acompañamento

A dignidade das persoas é un dos valores nos que se sustenta o noso Modelo de Acción Social. Todos os nosos programas e proxectos baséanse na acollida e nun acompañamento personalizado.


Acollida e atención primaria

4.240 persoas atendidas:
2.250 mulleres
1.084 persoas estranxeiras

Total de persoas atendidas por idades



Nº persoas atendidas por Arciprestado



Personas Sen Fogar

350 persoas atendidas
165 por primeira vez
307 homes; **260** españois
100 persoas en acompañamento

Persoas Maiores

Axuda no fogar a **8** persoas maiores illados e sen soporte familiar no rural

Formación e inserción sociolaboral

157 persoas atendidas
91 mulleres; **54** persoas estranxeiras
135 orientación e información
101 en accións formativas
49 inserción laboral

Familia e Infancia

144 familias en situación de vulnerabilidade en intervención socio familiar.

Centros e Talleres

Impulsamos o crecemento inclusivo que permite que todas as persoas teñan acceso aos bens esenciais que garanten unha vida digna e tamén lles ofrecemos as oportunidades para medrar como seres relacionais, intelectuais e espirituais.

Centro de día de inclusión social “Gabriel Vázquez Seijas”

Programa Personas sen fogar – Cáritas diocesana - Ferrol

10.950 servizos de cafetería, almozos e merendas

200 usuarios do Punto Net

5 talleres con **81** participantes

51 persoas voluntarias

Aloxamentos emerxencia familias

Programa de Familia – Cáritas diocesana - Ferrol

15 persoas participantes, 9 delas menores, a través de 4 vivendas.

Clases de apoio menores

Programa de Familia – Cáritas diocesana - Ferrol

21 menores - **11** persoas voluntarias.

Taller de alfabetización e habilidades sociais

Caritas Interparroquial As Pontes

15 mulleres estranxeiras– **1** docente + **1** voluntaria

Clases de español para persoas estranxeiras

Cáritas Interparroquial Vilalba

21 persoas estranxeiras– **1** docente voluntaria

Pisos de tránsito á vida autónoma


Programa persoas sen fogar – Cáritas Diocesana - Narón

18 persoas participantes a través de 4 vivendas autorizadas pola Xunta de Galicia

Taller promocional muller xitana

Programa de Familia – Cáritas diocesana - Ferrol

20 mulleres e **10** menores - **12** persoas voluntarias.



Taller de alfabetización e habilidades sociais

Cáritas Interparroquial Alfoz-Valadouro

8 mulleres estranxeiras– **3** persoas voluntarias

Presencia e transformación social

A acción social de Cáritas está convocada á presenza pública como testemuña, anuncio e denuncia para transformar a realidade e construír o Reino de Deus.

● Campañas institucionais ● Presenza pública ● Formación ● Outras campañas

Xan

- “Polo camiño” TVG
- Xornada Mundial Migrantes

- Participación en “Proxecto Indira, encontros de mulleres” Concello Fene.

Agosto

Feb

- Medalla Ouro Parlamento Galiza
- Formación voluntarios Galicia

- Formación persoas con dependencia (Mondoñedo)
- VI Milla urbana solidaria Valdoviño
- Xornada sobre inclusión das mulleres no mundo laboral

Septembro

Marzo

- Premio COPE Cáritas Galicia
- Exposición “Hazme visible” IES Trasancos
- Escola de Primaveira

- Campaña Igrexa polo traballo decente

Outubro

Abril

- Festival Solidario Cáritas Valdoviño
- Asemblea Diocesana 2018
- Participación autobús EMIN (European Minimun Income Network)

- Encontro de Cooperación Fraterna
- Sesión Formativa presentación campaña “Personas sen fogar”

Novembro

Maio

- Mesa-debate: Movilidade Humana
- Exposición: 11 vidas , 11 maletas
- Seminario Participación Inclusiva EAPN

- Actos campaña Personas sen fogar
- Premio Asociación CONXEITO
- Participación mesa “Municipalismo en rede para a loita contra o sinfogarismo”

Xuño

- Sesión de loga Inclusivo
- Cuestación Día da Caridade
- Asemblea Xeral Cáritas Española

- Campañas de Nadal por todo o
- Territorio diocesano

Decembro

Xullo

- Exposición Taller Manualidades Migrantes Guitiriz

Financiación


Ofrecemos o detalle das cantidades investidas. Estas cifras testemuñan o compromiso da comunidade cristiá e da sociedade coas persoas en exclusión social.

INGRESOS 2018	Importe €	%
Colaboracións periódicas (socios e doantes)	163.613,27	14,0%
Subvencións privadas (Endesa, Banco Santander e outros)	48.623,51	4,2%
Campañas (Nadal, Día da Caridade e outras)	23.269,19	2,0%
Prestación de servizos	4.454,92	0,4%
Subvencións de organismos oficiais (*)	194.859,61	16,7%
Fondo Social Europeo	80.150,27	6,9%
Aportación do IRPF aplicable á acción social	219.540,89	18,8%
Conferencia Episcopal e Diocese de Mondoñedo-Ferrol	72.315,00	6,2%
Herdanzas	334.122,98	28,6%
Donativos cooperación internacional	2.707,69	0,2%
Outros	25.352,99	2,2%
Total Ingresos	1.169.010,32	100,0

(*)Xunta de Galicia, Deputación da Coruña, Instituciones Penitenciarias, Concello de Ferrol y Concello de Narón

GASTOS PROGRAMAS DE ACCIÓN SOCIAL: 618.336,93€

GASTOS 2018 : 806.376,69 €



¡Gracias!



O teu compromiso
mellora o mundo



Unión Europea
Fondo Social Europeo
"El FSE invierte en tu futuro"



¡Coñécenos! ¡Colabora! ¡Faite Voluntari@!

www.caritas.es/mondonedoferrol
Rua Magdalena, 221 Ferrol
Tfn 981 352 339

